

INSTRUCCIÓN

ESTAS INSTRUCCIÓN TENEN EFECTOS MERAMENTE
INFORMATIVOS

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA



Axencia Tributaria
de Galicia

IMPOSTO SOBRE SUCESIÓN E DOAZÓN

AUTOLIQUIDACIÓN
DOAZÓN

Modelo

651

EUROS

CUESTIÓN XERAI

Este impreso deberá cubrirse a máquina ou utilizando bolígrafo, sobre superficie dura e con letras máiusculas.

A lei e o regulamento a que xenericamente se fai referencia nesta folia de instrucción é a Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesión e doazón e o Real Decreto 1629/1991, do 8 de novembro, polo se aproba o seu regulamento, así como a normativa autonómica reguladora deste imposto, o Decreto lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado) en virtude das competencias atribuídas a esta Comunidade Autónoma pola Lei 17/2010, de 16 de xullo, do réxime de cesión de tributos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia e de fixación do alcance e condicións da dita cesión.

Están suxeitos ao imposto as adquisicións de bens e dereitos por doazón ou calquera outro negocio xurídico "inter vivos" a título gratuito.

É imprescindible que a autoliquidación se refira á totalidade de bens e dereitos que adquira a persoa donataria dunha mesma persoa doadora.

Os suxeitos pasivos deberán ingresar o importe da autoliquidación en calquera das entidades financeiras colaboradoras coa Axencia Tributaria de Galicia. Ingresado o importe da autoliquidación, esta presentarse en calquera oficina da Axencia Tributaria de Galicia, xunto co orixinal e a copia simple do documento no que conste ou se relacione o acto ou contrato que orixine o tributo.

A autoliquidación deberá presentarse en:

- Se ten por obxecto exclusivo bens inmoables, onde estes radiquen. Se todos eles están situados fóra de España, a presentación efectuarase na Delegación Especial da AEAT de Madrid.
- Se ten por obxecto bens doutra natureza, onde teña a súa residencia habitual o adquirente. Se este non a tivese en España a presentación efectuarase na Delegación Especial da AEAT de Madrid.
- Se nunha mesma escritura concorren bens inmoables sitos en distintas comunidades autónomas, a autoliquidación presentarse nas oficinas competentes correspondentes a cada un deles, ben que a autoliquidación que, de ser o caso, se formule só se referirá ao rendemento producido no seu respectivo territorio.

A presentación deberá efectuarse no prazo de 30 días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que se cause ou celebre o acto ou contrato.

NORMAS PARA CUBRIR O MODELO

- Consigne a Delegación da Axencia Tributaria e, no seu caso, a oficina liquidadora de distrito hipotecario competente, así como os seus respectivos códigos.
- Cubra os datos de identificación do adquirente e xunte á declaración fotocopia da tarxeta acreditativa do N.I.F. ou, no seu defecto, do D.N.I.
- Consigne en expresión numérica a data na que se cause ou celebre o acto ou contrato que orixine a esixibilidade do imposto, utilizando dous díxitos para o día, dous para o mes e os catro díxitos para o ano (se a cifra ten un só dígito consígnea precedida de cero).
- Consigne a data de nacemento do adquirente.
- Consigne o parentesco do adquirente co transmitente especificando o número do grupo en función do seguinte cadro:

Grupo 1:	descendentes e adoptados, que sexan menores de 21 anos.
Grupo 2:	descendentes e adoptados de 21 ou máis anos, cónxuxes, ascendentes e adoptantes.
Grupo 3:	colaterais de segundo e terceiro grao, ascendentes e descendentes por afinidade.
Grupo 4:	colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños.
- Consigne en cifras a contía do patrimonio preexistente do adquirente valorado na data de realización do feito imponible do imposto sobre doazón conforme as normas do imposto sobre o patrimonio e tendo en conta as regras do artigo 22.3 da Lei do Imposto. Se non excede de 402.678,11 será suficiente con consignar a expresión "INFERIOR A 402.678,11 euros".
- Marque o recadro que corresponda segundo os bens doados sexan da sociedade conxugal ou non. **Non esqueza que, se a titularidade do ben é ganancial terase que cumprimentar dúas autoliquidacións unha por cada cónxuxe que entrega a súa participación no ben doado.**
- Consigne os datos do transmitente.
- Consigne os datos do representante.
- Marque cunha «X» o recadro cando a autoliquidación consista nunha consolidación de dominio. Neste caso deberá indicar ademais o NIF do usufruario así como o número de expediente de orixe.
- Marque cunha «X» o recadro que corresponda ao carácter notarial, xudicial ou privado do documento. Indique os apelidos e nome do notario ou fedatario público ou ben a autoridade xudicial correspondente. Así mesmo, indique a localidade de outorgamento ou formalización e, tratándose de documento notarial, o número de protocolo (sinalar si é bis) e o ano.

AUTOLIQUIDACIÓN

- 01 Consigne o valor real dos bens e dereitos adquiridos por transmisión lucrativa "inter vivos", suxeita ao imposto sobre doazóns. As doazóns con causa onerosa e as remuneratorias tributarán polo seu importe total; non obstante, se establecesen recíprocas prestacións ou se impuxese algún gravame ao donatario, tributarán como doazón soamente pola diferenza.

Se desexa coñecer o valor real dos bens inmoables, pode obtelo do seguinte xeito:

- Se polas características do ben está incluído no ámbito de aplicación da Orde que regula os medios de comprobación do valor dos bens inmoables ditada pola Comunidade Autónoma de Galicia ao amparo do disposto no artigo 57.1 c) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, vostede ten á súa disposición unha ferramenta adaptada a este fin no sitio web www.atriga.gal na Oficina Virtual.
- No caso de que se trate de bens excluídos do ámbito de aplicación da orde que regula os medios de comprobación do valor dos bens inmoables ditada pola Comunidade Autónoma de Galicia se vostede desexe solicitar a valoración con carácter previo poderá facelo dirixíndose á unidade de valoración da Axencia Tributaria de Galicia que sexa competente segundo a situación do ben. Esta solicitude deberá facela empregando os formularios á súa disposición en www.atriga.gal no menú Información Tributaria Xeral >> Valoración de bens >> inmoables >> sistema presencial. Deberá estar acompañada do xustificante de aboamento da taxa correspondente segundo o disposto no artigo 26 do decreto lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado.

03 Consigne as exencións aplicables.

07 Consignaranse unicamente as cargas ou gravames que aparezan directamente establecidos sobre os bens e diminúan realmente o seu capital ou valor, como os censos e as pensións. (Artigos 16 da Lei e 36.1 do regulamento do imposto).

08 Consignaranse só as débedas que estivesen garantidas con dereitos reais que recaían sobre os mesmos bens transmitidos, se o adquirente asumiu, fidedignamente a obriga de pagar a débeda garantida con liberación do primitivo debedor.

11 Consigne a diferenza entre o recadro 01 e a suma dos recadros a 03, 07 e 08.

23 **Base imponible.** Consigne o resultado do recadro 11.

Consignarase a suma das seguintes reducións:

- 24.a) – Redución do 99% do valor de adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica ou de participacións en entidades, sempre e cando concorran as condicións seguintes (artigo 8.catro do Decreto legislativo 1/2011):
- Que a persoa doadora teña 65 anos ou máis ou se atope en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.
 - Que, se a persoa doadora vén exercendo funcións de dirección, deixe de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das devanditas funcións no prazo dun ano desde o momento da transmisión.
Para estes efectos, non se entenderá comprendida entre as funcións de dirección a mera pertenza ao consello de administración da sociedade.
 - Que o centro principal de xestión da empresa ou negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, se atope situado en Galicia e que se mantexa durante os cinco anos seguintes á data de devindicación do imposto.
 - Que na data da devindicación do imposto, á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa aplicable a exención regulada na alínea 8.º do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos, a participación do suxeito pasivo no capital da entidade debe ser:
 - Con carácter xeral do 50% como mínimo, xa sexa de forma individual ou conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata cuarto grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción.
 - Do 5% computado de forma individual, ou do 20% conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata cuarto grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción, cando se trate de participacións en entidades que teñan a consideración de empresas de reducida dimensión de acordo co disposto no artigo 108 do Texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.
No caso de que tan só se teña dereito parcial á exención na alínea 8.º do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, tamén será aplicable, na mesma proporción, esta redución.
 - Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive da persoa doadora.
 - Que a persoa adquirente mantexa o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto de acordo co establecido nas alíneas anteriores, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a adquisición en virtude de pacto sucesorio conforme ao previsto na Lei de dereito civil de Galicia. No suposto de que a persoa doadora non deixase de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das funcións de dirección no prazo do ano a que se refire a letra b) non se lle terá en conta para determinar o grupo de parentesco para os efectos do cumprimento na persoa adquirente dos requisitos de exercicio de funcións directivas e remuneracións polo devandito exercicio.
 - Que a empresa individual ou a entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.
- 24.b) – Redución do 95% do valor que na base imponible teña unha empresa individual, negocio profesional ou participacións en entidades, ás que sexa de aplicación a exención regulada no apartado 8.º do artigo cuarto da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do Imposto sobre o patrimonio ou o valor de dereitos de usufruto sobre os mesmos, sempre que tal adquisición corresponda aos cónxuxes, descendentes ou adoptados da persoa doadora e concorran as seguintes condicións (artigo 20.6 da Lei 29/1987):
- Que a persoa doadora teña sesenta e cinco anos ou máis ou se atope en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.
 - Que, se a persoa doadora viñera exercendo funcións de dirección, deixase de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das devanditas funcións desde o momento da transmisión.
Para estes efectos, non se entenderá comprendida entre as funcións de dirección a mera pertenza ao consello de administración da sociedade.
 - A persoa donataria debe manter o adquirido e ter dereito á exención no Imposto sobre o patrimonio durante os dez anos seguintes á data da escritura de doazón, agás que falecera dentro dese prazo.
A persoa donataria non poderá realizar actos de disposición e operacións societarias que, directa ou indirectamente, poidan dar lugar a unha minoración substancial do valor da adquisición.
- 24.c) – Redución do 95% do valor que na base imponible teñan os bens comprendidos nos apartados un, dous e tres do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do Imposto sobre o Patrimonio, integrantes do Patrimonio Histórico Español ou do Patrimonio Histórico o Cultural das Comunidades Autónomas, sempre que os adquirentes sexan cónxuxe, descendentes ou adoptados e concorran as condicións seguintes (artigo 20.7 da Lei 29/1987):
- Que a persoa doadora teña sesenta e cinco ou máis anos ou se atope en situación de incapacidade permanente, en grao de absoluta ou grande invalidez.
 - A persoa donataria debe manter o adquirido e ter dereito á exención no imposto sobre o patrimonio durante os dez anos seguintes á data da escritura de doazón, agás que falecera dentro deste prazo.
- 24.d) – Redución do 95% da base imponible do imposto nas doazóns a fillos e descendentes, de diñeiro destinado á adquisición da súa vivenda habitual, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 8.tres do Decreto legislativo 1/2011):
- A persoa donataria deber ser menor de 35 anos, ou muller vítima de violencia de xénero. No primeiro caso débese tratar da adquisición da súa primeira vivenda habitual. No segundo caso, non debe ser titular doutra vivenda.
 - O importe da doazón non poderá superar os 60.000 euros. Este límite é único e aplícase tanto en caso dunha soa doazón como en caso de doazóns sucesivas, sempre que se outorguen a favor da mesma persoa donataria, proveñan dun ou de distintos ascendentes. No caso de que o importe da doazón ou doazóns supere esta cantidade, non haberá dereito a ningunha redución.
 - A suma da base imponible total menos o mínimo persoal e familiar para efectos do IRPF da persoa donataria, correspondente ao último período impositivo, cuxo prazo regulamentario de declaración estea concluído na data de devindicación da primeira doazón, non poderá ser superior a 30.000 euros.
 - A doazón debe formalizarse en escritura pública en que se exprese a vontade de que o diñeiro doado se destine á adquisición da vivenda habitual da persoa donataria. No caso dos menores de 35 anos deberá constar tamén que se trate da súa primeira vivenda habitual. Esta declaración de vontade deberá de ser simultánea á doazón.
 - A persoa donataria donatario deberá de adquirir unha vivenda situada en Galicia nos seis meses seguintes á doazón. No caso de haber varias doazóns, o prazo computarase desde a data da primeira doazón. A redución non se aplicará a doazóns de diñeiro posteriores á compra da vivenda, agás nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo, sempre que se acredite que o importe de diñeiro doado se destina ao pagamento do prezo pendente ou á cancelación total ou parcial do crédito, co prazo, límites e requisitos establecidos nas alíneas anteriores, agás no xeito de computar o prazo de 6 meses, que se fará para cada doazón.
 - A acreditación da situación de violencia de xénero farase segundo no disposto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Considerarase vivenda habitual a que se axuste á definición e aos requisitos establecidos pola normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- 24.e) – Redución do 99% do valor de adquisición dunha explotación agraria situada en Galicia ou dereitos de usufruto sobre esta, sempre e cando concorran as seguintes condicións (artigo 8.cinco do Decreto legislativo 1/2011):
- Que a persoa doadora teña 65 ou máis anos ou estea en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.
 - Que na data da devindicación a persoa doadora teña a condición de agricultor/a profesional e perdesse tal condición como consecuencia da doazón.
 - Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive da persoa doadora.

- d) Que o adquirente manteña no seu patrimonio a explotación agraria e a súa condición de persoa agricultor/a profesional durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro do dito prazo faleza o adquirente ou transmita a explotación en virtude de pacto sucesorio conforme ao previsto na Lei de dereito civil de Galicia.
- e) Que a explotación agraria viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto. Os termos de «explotación agraria», «persoa agricultora profesional», «elementos dunha explotación» e «titular da explotación» son os definidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.

24.f) Reducións derivadas dos beneficios fiscais establecidos na Lei 19/1995, de modernización de explotacións agrarias ou calquera outra que se estableza.

24.g) – Redución do 99% do valor que na base imponible teñan as parcelas forestais que formen parte da superficie de xestión e comercialización conxunta de producións que realicen agrupacións de propietarios forestais dotadas de personalidade xurídica, sempre e cando concorran as seguintes condicións (artigo 8.sete do Decreto legislativo 1/2011):

- a) Que se manteña a propiedade polo prazo, contido nos estatutos sociais, que reste para o cumprimento do compromiso da agrupación de permanencia obrigatoria na xestión conxunta das parcelas.
- b) Deberase xuntar á declaración do imposto os xustificantes expedidos pola consellería competente en materia de medio rural que acrediten a inclusión das devanditas parcelas na agrupación de propietarios forestais

– Redución do 95% da base imponible do importe por doazóns a fillos e descendentes de calquera tipo de ben, destinado á constitución ou adquisición dunha empresa ou negocio profesional. Esta redución terá un límite de 118.750 euros (este límite será de 237.500 euros cando a persoa donataria acredite un grado de discapacidade igual ou superior ao 33%). Este límite é único e aplícase tanto no caso dunha soa doazón como no caso de doazóns sucesivas, sempre que se outorguen a favor dunha mesma persoa, proveñan dunha ou de distintos ascendentes (artigo 8.oito do Decreto legislativo 1/2011).

As reducións autonómicas contidas no Decreto legislativo 1/2011 serán incompatibles, para unha mesma adquisición, entre si e coas contidas na Lei 29/1987, polo que o contribuínte deberá optar por unhas ou outras.

Nos casos de non se cumprir os requisitos a que se refire cada unha das reducións, deberá pagarse a parte do imposto que se deixara de ingresar como consecuencia da redución practicada e os xuros de mora.

27) Consigne o resultado da diferenza entre o recadro 23) e o recadro 24).

Apartado para cubrir soamente nos supostos de acumulacións, adquisición da núa propiedade e/ou extinción do usufruto procederase do seguinte xeito:

22) **Acumulacións de doazóns anteriores.** Consignarase a suma dos valores declarados ou comprobados pola administración de doazóns efectuadas ao adquirente polo mesmo doador ou transmitente, no prazo dos tres anos anteriores.

13) **Base liquidable teórica**

- Cando se adquira a núa propiedade, o adquirente consignará o valor íntegro dos bens (a suma do valor da núa propiedade e do usufruto) minorado, no seu caso, polo importe de todas as reducións a que teña dereito o contribuínte.
- Cando existan bens e dereitos que deban acumularse de acordo co establecido no artigo 30.1 da Lei do imposto, o adquirente consignará o valor da base liquidable dos bens actualmente adquiridos máis o valor das bases liquidables das doazóns e demais transmisións “inter vivos” equiparables anteriores que se outorgasen por o mesmo doador ao mesmo donatario dentro do prazo de tres anos, a contar desde a data de cada unha delas, se considerarán como unha soa transmisión aos efectos da liquidación do imposto. Os bens e dereitos que se acumulan computaranse polas bases liquidables declaradas ou comprobadas pola administración no seu día, aínda que variase no momento da acumulación.
- Cando concorran nunha mesma doazón, adquisición de núa propiedade e acumulacións, a base liquidable teórica vira determinado polo disposto nos puntos 1 e 2 anteriores.

14) **Cota.** Consignarase o resultado de aplicar á base liquidable teórica, recadro 13) a tarifa do imposto segundo se explica no recadro 30) no último parágrafo.

15) **Tipo medio. efect gravame.** Calcularase o tipo medio efectivo de gravame e consignarase este con inclusión de ata de dous decimais.

Cando se extinga o usufruto e se consolide o dominio no primeiro nu propietario non se consignará ningunha cantidade nos recadros 13) e 14) e unicamente consignarase no recadro 15) o tipo medio efectivo de gravame que resultou na adquisición da núa propiedade.

30) **Cota íntegra.** No caso de que non se adquira a núa propiedade, non se extinga o usufruto ou non procedan acumulacións, aplique directamente a tarifa correspondente que figura nos cadros seguintes á cantidade consignada no recadro 27) tendo en conta o grupo en que estea incluído o suxeito pasivo, e consigne o resultado da suma das cantidades obtidas:

- a) Sempre que os suxeitos pasivos estean incluídos nos grupos I e II do artigo 6.dous do Decreto legislativo 1/2011 e a doazón se formalice en escritura pública, aplicarase a tarifa seguinte:

BASE LIQUIDABLE – Ata euros	COTA ÍNTEGRA – Euros	RESTO BASE LIQUIDABLE Ata euros	TIPO APLICABLE – Porcentaxe
0	0	200.000	5%
200.000	10.000	400.000	7%
600.000	38.000	En diante	9%

- b) Sempre que os suxeitos pasivos estean incluídos nos grupos I e II do artigo 6.dous do Decreto legislativo 1/2011 e a doazón non se formalice en escritura pública, aplicarase a tarifa seguinte:

BASE LIQUIDABLE – Ata euros	COTA ÍNTEGRA – Euros	RESTO BASE LIQUIDABLE Ata euros	TIPO APLICABLE – Porcentaxe
0	0	50.000	5%
50.000	2.500	75.000	7%
125.000	7.750	175.000	9%
300.000	23.500	500.000	11%
800.000	78.500	800.000	15%
1.600.000	198.500	En diante	18%

- c) Sempre que os suxeitos pasivos estean incluídos nos grupos III e IV do artigo 6.dous do Decreto legislativo 1/2011, será aplicable a tarifa seguinte:

BASE LIQUIDABLE – Ata euros	COTA ÍNTEGRA – Euros	RESTO BASE LIQUIDABLE Ata euros	TIPO APLICABLE – Porcentaxe
0,00	0,00	7.993,46	7,65%
7.993,46	611,50	7.987,45	8,50%
15.980,91	1.290,43	7.987,45	9,35%
23.968,36	2.037,26	7.987,45	10,20%
31.955,81	2.851,98	7.987,45	11,05%
39.943,26	3.734,59	7.987,46	11,90%
47.930,72	4.685,10	7.987,45	12,75%
55.918,17	5.703,50	7.987,45	13,60%
63.905,62	6.789,79	7.987,45	14,45%
71.893,07	7.943,98	7.987,45	15,30%
79.880,52	9.166,06	39.877,15	16,15%
119.757,67	15.606,22	38.877,16	18,70%
159.634,83	23.063,25	79.754,30	21,25%
239.389,13	40.011,04	159.388,41	25,50%
398.777,54	80.655,08	398.777,54	29,75%
797.555,08	199.291,40	en diante	34,00%

No caso de que se adquira a núa propiedade, se extinga o usufruto, ou procedan acumulacións, consignarase neste recadro o resultado de multiplicar o importe que figura no recadro 27 pola porcentaxe que resulte no recadro 15.

31 **Coefficiente.** Sinale o coeficiente que corresponda segundo o seguinte cadro, en función do grupo de parentesco e do patrimonio consignados nas notas (5) e (6).

Patrimonio Preexistente – Euros	Grupos da nota (5)		
	I e II	III	IV
De 0 a 402.678,11	I	1,5882	2
De máis 402.678,11 a 2.007.380,43	I	1,6676	2,1
De máis 2.007.380,43 a 4.020.770,98	I	1,7471	2,2
Máis de 4.020.770,98	I	1,9059	2,4

32 **Cota tributaria.** A cota tributaria será o resultado de multiplicar a cota íntegra, recadro 30, polo coeficiente, recadro 31.

33 **Deduc. exceso de cota.** Consignarase o exceso de cota resultante de aplicar o previsto no artigo 22.2 da Lei 29/1987. Esta dedución só será de aplicación, se é o caso, cando o coeficiente (recadro 31) sexa distinto a I.

34 **Cota tributaria axustada.** Consignarase o resultado da diferenza entre o recadro 32 e o recadro 33.

35 **Dedución dobre imposición internacional.** Cando o contribuínte estea suxeito ao imposto por obriga persoal, poderá deducir a menor das dúas cantidades seguintes:

- O importe efectivo do satisfeito no estranxeiro por razón de imposto similar, que afecte ao incremento patrimonial sometido a gravame en España.
- O resultado de aplicar o tipo medio efectivo deste imposto ao incremento patrimonial correspondente a bens que radiquen ou dereitos que poidan ser exercidos fóra de España, cando fosen sometidos a gravame no estranxeiro por un imposto similar.

36 **Dedución de cotas anteriores e outras deducións.** Consignarase as cotas ingresadas anteriormente polo suxeito pasivo por autoliquidacións presentadas con anterioridade nos supostos de liquidacións complementarias cando teñan como finalidade completar ou modificar as xa presentadas. Neste recadro consignarase tamén a dedución prevista no artigo 26 do Decreto lexislativo I/2011. Os suxeitos pasivos que solicitasen valoración previa ao amparo do artigo 90 da Lei xeral tributaria, pagada a taxa correspondente e presentada a valoración xunto coa declaración do imposto, poderá deducir da cota tributaria o importe satisfeito pola taxa.

37.a **Recarga.** Neste recadro vostede poderá consignar a recarga prevista no artigo 27 da Lei xeral tributaria para o caso de declaración extemporánea (a presentada fora de prazo). Se a presentación da autoliquidación se efectúa dentro dos 3, 6 ou 12 meses seguintes ao fin do prazo establecido para a presentación e ingreso, a recarga será do 5%, 10% ou 15%, respectivamente. Se a presentación da autoliquidación se efectúa unha vez transcorridos 12 meses dende o fin do prazo establecido para a presentación, a recarga será do 20%. O importe da recarga reducirase no 25% sempre que se realice o ingreso total do importe da débeda resultante da autoliquidación extemporánea ao tempo da súa presentación ou sempre que se realice o ingreso no prazo ou prazos fixados no acordo de apazamento ou fraccionamento de dita débeda que a Administración tributaria houbera concedido con garantía de aval ou certificado de seguro de caución e que o obrigado ao pago houbera solicitado ao tempo de presentar a autoliquidación extemporánea.

37.b **Xuros por recarga.** Neste recadro vostede poderá consignar os xuros de mora que se prevén no parágrafo segundo do apartado 2 do artigo 27 da Lei xeral tributaria.

37 **Total recarga.** Consignarase a suma dos recadros 37.a e 37.b.

38 **Total a ingresar.** Consignarase o resultado de restar ao recadro 34 os recadros 35 e 36 e sumar o recadro 37.

Se solicita apazamento/fraccionamento marque cunha "X" o recadro que consta no apartado ingreso da autoliquidación. Neste caso deberá presentar solicitude de apazamento/fraccionamento na oficina competente dentro do prazo de presentación do imposto. En caso contrario iniciárase o precedemento de constrinximento.

